

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED534A).*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica unha especial atención á educación de persoas adultas, co obxectivo de que todos os cidadáns teñan a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. No seu artigo 69 establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizarán periodicamente probas para a obtención directa do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introduciu importantes remodelacións no currículo e a organización do bacharelato, que foron desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto recolle na disposición adicional terceira que a consellería con competencias en materia de educación organizará probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel sempre que demostren alcanzar os obxectivos e as competencias clave do bacharelato.

O Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina que as probas para a obtención directa do título de bacharel que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso 2024/25 se organizarán baseándose na configuración curricular establecida no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

A Orde do 31 de xaneiro de 2025 regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.



En consecuencia, e ao abeiro da autorización que figura na disposición derradeira primeira da mencionada orde,

**RESOLVO:**

**Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación***

Esta resolución ten por obxecto convocar a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos correspondente ao ano 2025 na Comunidade Autónoma de Galicia, con código de procedemento administrativo ED534A, conforme se dispón nos artigos seguintes.

**Artigo 2. *Finalidade e efectos da proba***

1. A proba ten por obxecto verificar se as persoas participantes alcanzaron os obxectivos e as competencias clave do bacharelato establecidos no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

2. As persoas participantes que superen a proba poderán solicitar o título de bacharel.

3. No caso de non superación da totalidade da proba, as cualificacións obtidas nos exames e exercicios superados manteranse para sucesivas convocatorias.

**Artigo 3. *Requisitos***

1. Poderán participar nesta proba as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser maior de vinte anos ou facer esa idade no ano 2025.

b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.

c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou riximes nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2024/25.

2. O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria da proba e, se é o caso, dos posibles resultados académicos obtidos nela.



**Artigo 4. *Data e lugar de realización da proba***

1. A proba realizarase en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de abril de 2025 no IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.

2. Á vista das persoas inscritas, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá establecer outros centros de seren necesarios para a realización da proba.

**Artigo 5. *Características xerais da proba e estrutura***

1. A proba organizarase de xeito diferenciado segundo as distintas modalidades de bacharelato convocadas e constará de dous exercicios:

a) Primeiro exercicio: consta de cinco exames correspondentes a materias comúns a todas as modalidades de bacharelato.

b) Segundo exercicio: consta de tres exames correspondentes a materias específicas de cada modalidade.

2. Cada persoa participante realizará os exames en que figure inscrita.

3. Os exames de que consta cada exercicio son os establecidos no anexo IV desta resolución.

**Artigo 6. *Modalidades convocadas***

1. A proba convócase para as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais.

2. Porén, poderán inscribirse na proba e titular pola modalidade Xeral ou de Artes na vía elixida as persoas que estean en condicións de recoñecemento do segundo exercicio conforme o establecido no anexo VI desta resolución.

**Artigo 7. *Tribunais***

1. Para avaliar e supervisar a proba, a persoa titular da Dirección Xeral Formación Profesional nomeará un tribunal constituído por un presidente ou presidenta e catro vogais, un dos cales actuará como secretaria ou secretario, pertencentes aos corpos de inspectores de educación, de catedráticos de ensino secundario ou de profesores de ensino secunda-



rio especialistas en cada un dos ámbitos obxecto da proba e que, preferentemente, estean impartindo bacharelato e sexan membros do claustro do profesorado do centro sede da proba; designará, así mesmo, un tribunal suplente (anexo XIII).

2. Para os efectos de colaboración cos tribunais na administración e na corrección dos exercicios, poderanse constituír comisións técnicas integradas por funcionarios e funcionarias dos corpos de catedráticos de ensino secundario ou de profesores de ensino secundario especialistas nas distintas materias que compoñen a proba.

3. Para os efectos de colaboración cos tribunais na realización de tarefas técnicas de apoio, poderase propoñer a incorporación de persoal auxiliar colaborador. O persoal auxiliar deberá ter a capacidade profesional propia da función para a cal sexa designado.

4. Á vista das persoas inscritas, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá establecer outros tribunais de seren necesarios para a realización da proba.

#### Artigo 8. *Medidas de accesibilidade universal e adaptación da proba*

1. As persoas con necesidades educativas especiais que acrediten estar en situación de discapacidade poderán solicitar ao tribunal a adaptación do acceso, dos medios, dos procedementos ou do tempo de realización da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

2. Para os efectos desta resolución, enténdese por persoa en situación de discapacidade de aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

3. O tribunal correspondente determinará se procede a adopción das medidas solicitadas en cada caso, comunicaralle a cada persoa interesada a adaptación ou adaptacións autorizadas e adoptará as medidas e facilitará os recursos adicionais que se determinen.

4. As solicitudes de adaptación consignarase no formulario de inscrición na proba (anexo I).

#### Artigo 9. *Recoñecemento de estudos previos*

1. As persoas interesadas poderán solicitar o recoñecemento de estudos previos de acordo co establecido nos artigos 14, 15, 16 e 17 da Orde do 31 de xaneiro de 2025 e nos anexos VI, VII e VIII desta resolución.



2. A solicitude de recoñecemento de estudos previos consignarase no formulario de inscrición na proba (anexo I).

*Artigo 10. Exención de Lingua Galega e Literatura I e II*

1. Consonte o establecido no artigo 18.1 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as persoas participantes procedentes doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro poderán solicitar a exención da realización do exame correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II.

2. A solicitude de exención consignarase no formulario de inscrición na proba (anexo I).

*Artigo 11. Forma, prazo e lugar de presentación de solicitudes de inscrición*

1. As persoas interesadas en participar na proba presentarán unha única solicitude de inscrición (anexo I).

2. Na solicitude de inscrición deberase indicar a modalidade de bacharelato elixida e os exames en que se solicite inscrición.

3. O prazo de presentación de solicitudes será do 6 ao 19 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos.

4. A identidade dos solicitantes quedará acreditada mediante DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade recoñecido en dereito.

5. Debido á imposibilidade funcional para a presentación electrónica das solicitudes nos centros educativos, as solicitudes de inscrición deberán presentarse presencialmente nos centros educativos sinalados no número 6 deste artigo ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixido á Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

6. Os centros habilitados para a recepción de solicitudes son os seguintes:

- IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- EPAPU Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3, 2º andar, 15003 A Coruña.



- EPAPU Albeiros, parque da Milagrosa, s/n, 27003 Lugo.
- EPAPU de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4, 32002 Ourense.
- EPAPU Río Lérez, avenida de Bos Aires, 26, 36002 Pontevedra.
- EPAPU Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8, 1º andar, 36202 Vigo.

#### Artigo 12. *Documentación complementaria*

1. Cando proceda, presentarse a seguinte documentación complementaria presencialmente nos centros educativos sinalados no número 6 do artigo 11 ou en calquera dos lugares e os rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común:

- a) Pasaporte ou documento acreditativo da identidade recoñecido en dereito.
- b) Certificación do ditame de discapacidade, cando este fose emitido por unha Administración distinta da Xunta de Galicia.
- c) Certificacións académicas que acrediten o dereito á concesión do recoñecemento de estudos previos.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás cando a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa solicitante.



- DNI/NIE da persoa representante.

Consultaranse, así mesmo, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- Certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.
- Historial académico dos estudos cursados en centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo I) e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 14. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites posteriores ao inicio do procedemento deberán realizarse presencialmente nos centros educativos sinalados no número 6 do artigo 11 ou en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos para facilitar a realización dos ditos trámites que poderán ser empregados por elas.

#### Artigo 15. *Listaxes de persoas admitidas e excluídas e prazos de reclamacións*

1. O día 28 de marzo de 2025 publicaranse no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas (anexos II e III), con expresión neste último caso das causas que motivaron a exclusión.

2. Xunto coa relación de persoas admitidas sinalaranse para cada persoa solicitante os exames en que figura inscrita, con indicación, se é o caso, do recoñecemento de estudos



previos realizados e da concesión da exención do exame correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II.

3. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional para reclamacións e emendas de solicitudes mediante escrito dirixido á presidencia do tribunal, presentando, se é o caso, a documentación que consideren oportuna.

4. O día 10 de abril de 2025 publicarase a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>

#### Artigo 16. *Horario de realización dos exames*

A distribución temporal para a realización dos exames é a establecida no anexo V desta resolución.

#### Artigo 17. *Normas para a realización da proba*

1. Para a realización da proba as persoas participantes acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.

2. As persoas participantes poderán utilizar os seguintes materiais na realización da proba:

a) Nos exames correspondentes a materias que implican operacións numéricas (exames con contidos de matemáticas, física, química, economía, tecnoloxía e enxeñaría) poderán utilizar unha calculadora científica, agás as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos alfanuméricos. Os membros do tribunal poderán comprobar se a calculadora cumpre os requisitos; de non ser así, será retirada e non poderá ser substituída por outra.

b) Nos exames correspondentes ás materias de Latín e Grego, dicionario desas linguas con apéndices gramaticais pero sen páxinas de contidos literarios.

c) Nos exames correspondentes ás materias de Debuxo Técnico e Tecnoloxía e Enxeñaría, portaminas ou lapis, goma, regra milimetrada, escuadro, cartabón e compás.

d) No exame correspondente á materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, regra, escuadro ou cartabón.





3. As persoas participantes non poderán acceder á proba con auriculares, teléfonos móbiles, reloxos intelixentes nin calquera outro dispositivo de almacenamento ou de transmisión de datos. Os membros do tribunal poderán comprobar en calquera momento o cumprimento desta norma.

4. Non respectar estas instrucións, copiar, valerse de información subministrada por terceiros, utilizar material non autorizado ou calquera tipo de actuación fraudulenta detectada durante a realización dos exercicios comportará a non superación da proba na súa totalidade.

#### Artigo 18. *Cualificación e avaliación da proba*

1. A cualificación de cada un dos exames de que consta cada exercicio expresarase mediante cualificación numérica de 0 a 10 puntos sen decimais. Considerarase superado un exame cando a puntuación obtida nel sexa igual ou superior a 5 puntos.

2. Cada exercicio da proba considerarase superado cando a media aritmética das cualificacións obtidas nos exames que o compoñen sexa igual ou superior a 5 puntos e se obteña un mínimo de 4 puntos en cada un deles.

3. A nota media do título de bacharel calcularase conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 31 de xaneiro de 2025.

4. A acta de avaliación recollerá os resultados de cada un dos exames e exercicios realizados ou recoñecidos (anexo IX).

#### Artigo 19. *Publicación das cualificacións provisionais e reclamacións*

1. O día 6 de maio de 2025 faranse públicas as cualificacións provisionais e poderanse consultar de maneira presencial no centro sede da proba ou no espazo Abalar, ao cal se poderá acceder no enderezo web <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/> con certificado dixital ou Chave365, ou a través da aplicación abalarMóbil. O acceso á aplicación móbil tras a súa descarga farase mediante o número de teléfono móbil que se facilite no formulario de inscrición na proba (anexo I), no cal se recibirá o código de acceso.

2. Contra estas cualificacións poderase presentar reclamación mediante escrito motivado dirixido á presidencia do tribunal no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.



3. As reclamacións presentaranse na secretaría do centro sede da proba ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 20. *Resolución*

1. Resoltas as reclamacións, o día 14 de maio de 2025 faranse públicas as cualificacións definitivas e poderanse consultar seguindo o procedemento indicado no número 1 do artigo 19.

2. Contra estas cualificacións poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a Dirección Xeral de Formación Profesional, que esgotará a vía administrativa.

#### Artigo 21. *Superación da proba*

A proba considerarase superada cando se superen os dous exercicios que a compoñen.

#### Artigo 22. *Superación parcial da proba*

As persoas que non superen a proba na súa totalidade manterán a cualificación obtida nos exercicios e exames superados para sucesivas convocatorias reguladas de acordo coa Orde do 31 de xaneiro de 2025.

#### Artigo 23. *Expedición do título de bacharel*

1. As persoas participantes que superen a proba poderán solicitar a expedición do título de bacharel na modalidade que corresponda.

2. De conformidade co artigo 25 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, as persoas participantes que superen o primeiro exercicio da proba e estean en posesión do título de técnica ou técnico en formación profesional obterán o título de bacharel na modalidade Xeral e as que estean en posesión do título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño ou do título profesional de Música ou de Danza, obterán o título de bacharel na modalidade de Artes.

#### Artigo 24. *Certificacións*

1. As persoas participantes poderán solicitar a certificación dos resultados obtidos na proba, que o tribunal expedirá conforme os modelos dos anexos X, XI e XII desta resolución.



2. As certificacións da proba que se soliciten con posterioridade ao proceso de avaliación serán asinadas pola directora ou director e pola secretaria ou secretario do centro sede da proba.

Artigo 25. *Publicación e información*

1. A relación de persoas admitidas e excluídas publicarase no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>

2. As cualificacións provisionais e definitivas poderán ser consultadas seguindo o procedemento establecido no número 1 do artigo 19.

Disposición adicional única. *Efectos económicos do tribunal e das persoas asesoras especialistas*

Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, o tribunal, as comisións técnicas e o persoal auxiliar colaborador ateranse á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025


María Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>INSCRICIÓN PARA A PROBA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL PARA MAIORES DE VINTE ANOS</b>	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO <b>ED534A</b> 	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

SEXO  Home  Muller DATA DE NACEMENTO

**ENDEREZO**

PAÍS  ESPAÑA

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

PARROQUIA  LUGAR

**CONTACTO**

PREFIXO  TELÉFONO 1  PREFIXO  TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

**DATOS PARA OS EFECTOS DE CONSULTA DAS CUALIFICACIÓNS**

Poderanse consultar as cualificacións da proba a través da aplicación abalarMóbil, á cal se poderá acceder mediante un código de acceso que se recibirá no teléfono móbil facilitado a seguir:

**PRIMEIRO EXERCICIO: EXAMES EN QUE SE SOLICITA INSCRICIÓN**

<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura I e II	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
<input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura I e II	Solicito exención <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
<input type="checkbox"/> Historia de España	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Marque unha única opción <input type="radio"/> Lingua Estranxeira I e II. Inglés <input type="radio"/> Lingua Estranxeira I e II. Francés	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
<input type="checkbox"/> Filosofía e Historia da Filosofía	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



SEGUNDO EXERCICIO DA MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA: EXAMES EN QUE SE SOLICITA INSCRIPCIÓN			
<input type="checkbox"/> Matemáticas I e II		Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Marque unha única opción	<input type="radio"/> Física e Química e Física	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	<input type="radio"/> Física e Química e Química		
Marque unha única opción	<input type="radio"/> Debuxo Técnico I e II	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	<input type="radio"/> Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Bioloxía		
	<input type="radio"/> Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía e Ciencias Ambientais		
	<input type="radio"/> Tecnoloxía e Enxeñaría I e II		

SEGUNDO EXERCICIO DA MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS: EXAMES EN QUE SE SOLICITA INSCRIPCIÓN			
Marque unha única opción	<input type="radio"/> Latín I e II	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	<input type="radio"/> Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II		
Marque unha única opción	<input type="radio"/> Grego I e II	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	<input type="radio"/> Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio		
Marque unha única opción	<input type="radio"/> Literatura Universal e Historia da Arte	Solicito o seu recoñecemento	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	<input type="radio"/> Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía		

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE EXERCICIOS COMPLETOS
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do primeiro exercicio
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do segundo exercicio da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do segundo exercicio da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do segundo exercicio da modalidade de Artes, vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do segundo exercicio da modalidade de Artes, vía de Música e Artes Escénicas
<input type="checkbox"/> Solicita o recoñecemento do segundo exercicio da modalidade Xeral

SOLICITUDE DE NON REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO
Solicita a non realización do segundo exercicio
<input type="checkbox"/> Por estar en posesión do título de técnica ou técnico en formación profesional
<input type="checkbox"/> Por estar en posesión do título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño
<input type="checkbox"/> Por estar en posesión do título profesional de Música ou de Danza

SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA PROBA
Presenta discapacidade que necesita adaptación para a realización das probas: <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Especifique a discapacidade e a adaptación necesaria:
<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
<input type="checkbox"/> Que non está en posesión do título de bacharel en ningunha das súas modalidades nin está en posesión de calquera outra titulación declarada equivalente para os efectos académicos.
<input type="checkbox"/> Que non está a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou rúximes nin estivo matriculada nestas ensinanzas no curso escolar en que se realiza a proba.
<input type="checkbox"/> Por ser solicitante de exención da realización do exame correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II, que procede doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro nos termos establecidos no artigo 18.1 do Decreto 79/2010, do 20 de maio.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Pasaporte ou documento acreditativo da identidade recoñecido en dereito.
- Certificación do ditame de discapacidade, cando este fose emitido por unha Administración distinta da Xunta de Galicia.
- Certificacións académicas que acrediten o dereito á concesión do recoñecemento de estudos previos.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		<b>OPÓNOME Á CONSULTA</b>
DNI/NIE da persoa solicitante		<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante		<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>		
<input type="checkbox"/> Certificado do grao de discapacidade, recoñecida pola Xunta de Galicia, só no caso de solicitar a adaptación da proba		<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Historial académico dos estudos cursados en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.		<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias das datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 31 de xaneiro de 2025 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 21 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED534A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Nombre do centro ou organismo:





## ANEXO II

## Listaxe de persoas admitidas

Nº	NIF	Modalidade <sup>1</sup>	Exames en que se solicita inscrición. Recoñecementos e exencións								Exercicios: recoñecementos	
			Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Observacións <sup>3</sup>	1º exercicio Observacións <sup>3</sup>	2º exercicio Observacións <sup>3</sup>

<sup>1</sup> Modalidade:

HCS (Humanidades e Ciencias Sociais)	A-APID (Artes, vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño)	X (Xeral)
CeT (Ciencias e Tecnoloxía)	A-MAE (Artes, vía de Música e Artes Escénicas)	

<sup>2</sup> Exames:

LGL (Lingua Galega e Literatura I e II)	Eco-EDMN (Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio)
LCL (Lingua Castelá e Literatura I e II)	FiQui-Fi (Física e Química e Física)
LEFr (Lingua Estranxeira I e II. Francés)	FiQui-Qui (Física e Química e Química)
LEIn (Lingua Estranxeira I e II. Inglés)	DeTe (Debuxo Técnico I e II)
Fi-HiFi (Filosofía e Historia da Filosofía)	LiUn-HiAr (Literatura Universal e Historia da Arte)
HiEs (Historia de España)	HiMC-Xeo (Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía)
Lat (Latín I e II)	BioXCA-Bio (Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Bioloxía)
Mat (Matemáticas I e II)	BioXCA-XeoCA (Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía e Ciencias Ambientais)
MatACS (Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II)	TeEn (Tecnoloxía e Enxeñaría I e II)
Gre (Grego I e II)	

<sup>3</sup> Observacións:

AA (Anteriormente avaliado. Cualificacións obtidas en convocatorias anteriores da proba ou correspondentes a materias superadas en ensinanzas de bacharelato)
EX (Exento)



**ANEXO III****Listaxe de persoas excluídas**

NIF	Razón de exclusión

**ANEXO IV****Estrutura da proba**

1º exercicio. Materias comúns	
Exame 1	Lingua Castelá e Literatura I e II
Exame 2	Lingua Galega e Literatura I e II
Exame 3	Historia de España
Exame 4	Lingua Estranxeira I e II
Exame 5	Filosofía e Historia da Filosofía

2º exercicio. Materias da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía		
Exame 6	Matemáticas I e II	
Exame 7	Elíxase unha	Física e Química e Física
		Física e Química e Química
		Debuxo Técnico I e II
Exame 8	Elíxase unha	Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Biología
		Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía e Ciencias Ambientais
		Tecnoloxía e Enxeñaría I e II

2º exercicio. Materias da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		
Exame 6	Elíxase unha	Latín I e II
		Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II
Exame 7	Elíxase unha	Grego I e II
		Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
Exame 8	Elíxase unha	Literatura Universal e Historia da Arte
		Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía





**ANEXO V**
**Horario de realización da proba**
**1. Primeiro día.**

Horario	Exame	Duración
10.00-11.30	Lingua Castelá e Literatura I e II	1 hora 30 minutos
11.30-11.40	Descanso	
11.40-13.10	Lingua Galega e Literatura I e II	1 hora 30 minutos
13.10-13.20	Descanso	
13.20-14.20	Historia de España	1 hora
14.20-16.00	Descanso	
16.00-17.30	Lingua Estranxeira I e II	1 hora 30 minutos
17.30-17.40	Descanso	
17.40-18.40	Filosofía e Historia da Filosofía	1 hora 30 minutos

**2. Segundo día.**

Horario	Exame	Duración
10.00-11.30	Matemáticas I e II	1 hora 30 minutos
	Latín I e II	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II	
11.30-11.40	Descanso	
11.40-13.10	Física e Química e Física	1 hora 30 minutos
	Física e Química e Química	
	Debuxo Técnico I e II	
	Grego I e II	
	Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	
13.10-13.20	Descanso	
13.20-14.50	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Bioloxía	1 hora 30 minutos
	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía e Ciencias Ambientais	
	Tecnoloxía e Enxeñaría I e II	
	Literatura Universal e Historia da Arte	
	Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía	



**ANEXO VI**
**Recoñecemento de exercicios completos por grupos de materias superadas no bacharelato**

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>	Recoñecemento
Lingua Castelá e Literatura I <sup>2</sup>	Primeiro exercicio
Lingua Castelá e Literatura II	
Lingua Galega e Literatura I <sup>2</sup>	
Lingua Galega e Literatura II	
Historia de España	
Lingua Estranxeira I <sup>2</sup>	
Lingua Estranxeira II	
Filosofía <sup>2</sup>	
Historia da Filosofía	

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>	Recoñecemento	
Matemáticas I <sup>2</sup>	Segundo exercicio da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía	
Unha das seguintes materias		Matemáticas II
		Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Dúas das seguintes materias <sup>2</sup>		Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais
		Debuxo Técnico I
		Física e Química
		Tecnoloxía e Enxeñaría I
Dúas das seguintes materias		Bioloxía
		Debuxo Técnico II
		Física
		Química
		Tecnoloxía e Enxeñaría II
		Xeoloxía e Ciencias Ambientais

<sup>1</sup> Para as materias superadas con anterioridade nos estudos de bacharelato que cambiaron de denominación aplicaranse as correspondencias relacionadas no artigo 15.4 da Orde do 31 de xaneiro de 2025 e o anexo VIII desta resolución.

<sup>2</sup> Agás as persoas que accedesen directamente ao segundo curso de bacharelato, sen superalo na súa totalidade, por ter superado estudos equivalentes para efectos académicos ao primeiro curso de bacharelato.

CVE-DOG: euz6shm7-vkx1-mes7-coj8-v5xmfv0vxgp0



## ANEXO VI

## (segunda parte)

**Recoñecemento de exercicios completos por grupos de materias superadas no bacharelato**

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>		Recoñecemento
Unha das seguintes materias <sup>2</sup>	Latín I	Segundo exercicio da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	
Unha das seguintes materias	Latín II	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	
Dúas das seguintes materias <sup>2</sup>	Economía	
	Grego I	
	Historia do Mundo Contemporáneo	
	Latín I <sup>3</sup>	
	Literatura Universal	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I <sup>3</sup>	
Dúas das seguintes materias	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	
	Grego II	
	Historia da Arte	
	Latín II <sup>3</sup>	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II <sup>3</sup>	
	Xeografía	

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>		Recoñecemento
Debuxo Artístico I <sup>2</sup>		Segundo exercicio da modalidade de Artes, vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño
Debuxo Artístico II		
Dúas das seguintes materias <sup>2</sup>	Cultura Audiovisual	
	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I	
	Proxectos Artísticos	
	Volume	
Dúas das seguintes materias	Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II	
	Deseño	
	Fundamentos Artísticos	
Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica		

<sup>1</sup> Para as materias superadas con anterioridade nos estudos de bacharelato que cambiaron de denominación aplicaranse as correspondencias relacionadas no artigo 15.4 da Orde do 31 de xaneiro de 2025 e o anexo VIII desta resolución.

<sup>2</sup> Agás as persoas que accedesen directamente ao segundo curso de bacharelato, sen superalo na súa totalidade, por ter superado estudos equivalentes para efectos académicos ao primeiro curso de bacharelato.

<sup>3</sup> Sempre que non fose cursada como materia obrigatoria de modalidade.



## ANEXO VI

## (terceira parte)

**Recoñecemento de exercicios completos por grupos de materias superadas no bacharelato**

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>		Recoñecemento
Unha das seguintes materias <sup>2</sup>	Análise Musical I	Segundo exercicio da modalidade de Artes, vía de Música e Artes Escénicas
	Artes Escénicas I	
Unha das seguintes materias	Análise Musical II	
	Artes Escénicas II	
Dúas das seguintes materias <sup>2</sup>	Análise Musical I <sup>5</sup>	
	Artes Escénicas I <sup>5</sup>	
	Coro e Técnica Vocal I	
	Cultura Audiovisual	
	Linguaxe e Práctica Musical	
Dúas das seguintes materias	Análise Musical II <sup>5</sup>	
	Artes Escénicas II <sup>5</sup>	
	Coro e Técnica Vocal II	
	Historia da Música e da Danza	
	Literatura Dramática	

Materias superadas no bacharelato <sup>1</sup>		Recoñecemento
Matemáticas Xerais <sup>2</sup>		Segundo exercicio da modalidade Xeral
Ciencias Xerais		
Dúas das seguintes materias <sup>2</sup>	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial	
	Outras materias de modalidade de primeiro curso <sup>3 e 5</sup>	
Dúas das seguintes materias	Movimentos Culturais e Artísticos	
	Outras materias de modalidade de segundo curso <sup>4 e 5</sup>	

<sup>1</sup> Para as materias superadas con anterioridade nos estudos de bacharelato que cambiaron de denominación aplicaranse as correspondencias relacionadas no artigo 15.4 da Orde do 31 de xaneiro de 2025 e o anexo VIII desta resolución.

<sup>2</sup> Agás as persoas que accedesen directamente ao segundo curso de bacharelato, sen superalo na súa totalidade, por ter superado estudos equivalentes para efectos académicos ao primeiro curso de bacharelato.

<sup>3</sup> De acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>4</sup> De acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>5</sup> Sempre que non fose cursada como materia obrigatoria de modalidade.



**ANEXO VII****Recoñecemento de exercicios completos por cualificacións obtidas en convocatorias anteriores da proba**

Exercicios superados	Recoñecemento
Primeiro exercicio superado en convocatorias anteriores ao ano 2025	Primeiro exercicio da proba
Segundo exercicio superado en convocatorias anteriores ao ano 2025	Segundo exercicio da proba da modalidade que corresponda

**ANEXO VIII****Correspondencia entre materias que cambiaron de denominación**

Denominación actual	Denominacións anteriores
Historia de España	Historia
Lingua Estranxeira I e II	Primeira Lingua Estranxeira I e II
Filosofía	Filosofía e Cidadanía
	Filosofía I
Historia da Filosofía	Filosofía II
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Bioloxía e Xeoloxía
Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Xeoloxía
Tecnoloxía e Enxeñaría I e II	Tecnoloxía Industrial I e II
Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	Economía da Empresa
	Economía e Organización de Empresas
Deseño	Fundamentos de Deseño
Historia da Música e da Danza	Historia da Música
Cultura Audiovisual	Cultura Audiovisual I
	Imaxe
Artes Escénicas II	Artes Escénicas
Fundamentos Artísticos	Fundamentos da Arte II





## ANEXO IX

### Modelo de acta de avaliación

Convocatoria 2025	(RD 243/2022, do 5 de abril; D 157/2022, do 15 de setembro, e Orde do 31 de xaneiro de 2025)		Grupo: ---
	Centro sede da proba: -----	Data da avaliación: -----	Nº de persoas inscritas: -----
	Localidade: -----		Nº de persoas propostas para título: -----

Nº	Apelidos e nome	Modalidade <sup>1</sup>	Cualificacións dos exames								Cualificación dos exercicios <sup>4</sup>		Proposta de titulación <sup>5</sup>	Nota media <sup>6</sup>	
			Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	Exame <sup>2</sup> Cualific. <sup>3</sup>	1º exercicio Cualific. <sup>4</sup>	2º exercicio Cualific. <sup>4</sup>			

Esta acta comprende ..... persoas participantes e acaba con.....  
 .....  
 ....., ..... de ..... de .....

A presidenta/O presidente

As vogais/Os vogais

A secretaria/O secretario

<sup>1</sup> Escríbase:

HCS (Humanidades e Ciencias Sociais)	A-APID (Artes, vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño)	X (Xeral)
CeT (Ciencias e Tecnoloxía)	A-MAE (Artes, vía de Música e Artes Escénicas)	





<sup>2</sup> Esríbase:

LGL (Lingua Galega e Literatura I e II)	Eco-EDMN (Economía e Empresa e Deseño de Modelos de Negocio)
LCL (Lingua Castelá e Literatura I e II)	FiQui-Fi (Física e Química e Física)
LEFr (Lingua Estranxeira I e II. Francés)	FiQui-Qui (Física e Química e Química)
LEIn (Lingua Estranxeira I e II. Inglés)	DeTe (Debuxo Técnico I e II)
Fi-HiFi (Filosofía e Historia da Filosofía)	LiUn-HiAr (Literatura Universal e Historia da Arte)
HiEs (Historia de España)	HiMC-Xeo (Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía)
Lat (Latín I e II)	BioXCA-Bio (Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Bioloxía)
Mat (Matemáticas I e II)	BioXCA-XeoCA (Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Xeoloxía e Ciencias Ambientais)
MatACS (Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II)	TeEn (Tecnoloxía e Enxeñaría I e II)
Gre (Grego I e II)	

<sup>3</sup> Esríbase:

Nota numérica. Expresarase mediante cualificación numérica de 0 a 10 puntos sen decimais.
NP (Non presentado)
AA (Anteriormente avaliado). Cualificacións obtidas en convocatorias anteriores da proba ou correspondentes a materias superadas en ensinanza de bacharelato.
EX (Exento)

<sup>4</sup> Esríbase:

Media aritmética das cualificacións obtidas nos exames que o compoñen.
AA (Anteriormente avaliado). Cualificacións obtidas en convocatorias anteriores da proba ou media aritmética das cualificacións correspondentes a grupos de materias superadas en ensinanza de bacharelato.

<sup>5</sup> Esríbase: Si/Non.

<sup>6</sup> Calcularase conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 31 de xaneiro de 2025.

**ANEXO X****Certificación dos resultados obtidos nos exames da proba**

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Dirección Xeral de Formación Profesional	Proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos – Orde do 31 de xaneiro de 2025 – Resolución do 21 de febreiro de 2025
--	--

.....,  
secretaria/o do tribunal da proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos na convocatoria de... de..., realizada no centro..... (consígnese centro e localidade).

**CERTIFICA QUE**

....., con DNI....., obtivo as seguintes cualificacións nos exames da proba:

Exame	Cualificación

....., ..... de..... de.....

Visto e prace

A presidenta/O presidente

A secretaria/O secretario do tribunal





**ANEXO XI****Certificación dos resultados obtidos nos exercicios da proba**

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Dirección Xeral de Formación Profesional	Proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos – Orde do 31 de xaneiro de 2025 – Resolución do 21 de febreiro de 2025
--	--

.....,  
secretaria/o do tribunal da proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos na convocatoria de... de..., realizada no centro... (consígnese centro e localidade).

**CERTIFICA QUE**

....., con  
DNI....., obtivo as seguintes cualificacións nos exames da proba:

Exercicio	Cualificación
Primeiro exercicio	
Segundo exercicio	

....., ..... de..... de.....

Visto e prace

A presidenta/O presidente

A secretaria/O secretario do tribunal



**ANEXO XII****Certificación da superación da proba**

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Dirección Xeral de Formación Profesional	Proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos – Orde do 31 de xaneiro de 2025 – Resolución do 21 de febreiro de 2025
--	--

....., secretaria/o do tribunal da proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos na convocatoria de... de..., realizada no centro... (consígnese centro e localidade).

**CERTIFICA QUE**

....., con DNI....., superou os dous exercicios que integran a proba na modalidade de... coas seguintes cualificacións:

Exercicio	Cualificación	Nota media
Primeiro exercicio		
Segundo exercicio		

e que, unha vez aboadas as taxas correspondentes, será proposta/o para a expedición do título de bacharel.

....., ..... de..... de.....

Visto e prace

A presidenta/O presidente

A secretaria/O secretario do tribunal



**ANEXO XIII****Tribunais**

Tribunal titular	
Presidente titular	José Ignacio Vila Alonso, inspector de educación
Vogal titular 1	Mercedes Rivas Vicente, profesora de ensino secundario
Vogal titular 2	Alicia Sánchez Martínez, profesora de ensino secundario
Vogal titular 3	Juan Carlos Fandiño da Torre, catedrático de ensino secundario
Vogal titular 4	Fernando Lojo Piñeiro, catedrático de ensino secundario

Tribunal suplente	
Presidenta suplente	Marina Armada Vigo, inspectora de educación
Vogal suplente 1	María Asunción Arufe Carredano, profesora de ensino secundario
Vogal suplente 2	Xoana Costa Rivas, profesora de ensino secundario
Vogal suplente 3	Pedro Antonio Labraña Barrero, catedrático de ensino secundario
Vogal suplente 4	Francisco Javier Poch Gutiérrez, profesor de ensino secundario

